

CONVOCATORIA DE APOIO TITORIAL EXTRAORDINARIO CURSO ACADÉMICO 2015/2016

O artigo 132 dos *Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela* (Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro-DOG do 12/02/2014) dispón que lle corresponde ao Consello de Goberno establecer os procedementos de verificación dos coñecementos do estudantado. Para estes efectos, elaborará unha normativa para articular estes procedementos, así como a revisión de cualificacións.

A *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*, aprobada polo Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011, permite establecer un sistema de **apoio titorial extraordinario** para axudar aos estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades.

O apoio titorial extraordinario terá unha metodoloxía de aprendizaxe que se establecerá entre o profesor-titor e o alumno. O profesor-titor definirá as pautas que deberá seguir o/a estudante no desenvolvemento da aprendizaxe, as que lle proporcionarán os elementos suficientes para avaliar a súa progresión, mantendo, en todo caso, as garantías e transparencia necesarias.

Tendo en conta que o artigo 11 da citada *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións* determina que a USC establecerá anualmente o procedemento para acollerse a este sistema extraordinario,

Resolvo:

PRIMEIRO.- Alumnos que poden solicitar o apoio titorial extraordinario

Poderán solicitalo os/as alumnos/as matriculados/as en calquera titulación oficial da USC, agás nas de posgra, que reúnan os seguintes requisitos:

a. Que as materias pendentes para rematar a titulación non sumen máis de 18 créditos. Deberán ter esgotadas polo menos dúas convocatorias en cada unha delas. Só se poderá solicitar o apoio titorial extraordinario para un máximo de 18 créditos en cada titulación que poida cursar un estudante. No caso dos planos non adaptados ao EEES, cando o alumnado teña cursado materias ou créditos optativos a maiores do que establece o plano de estudos para titularse, estes poderán computarse como de libre elección curricular, se o/a solicitante non tivese toda a libre elección computada no seu expediente.

b. Que teñan unha soa materia pendente, aínda que non teñan esgotada ningunha convocatoria.

Neste cómputo exclúense as materias como proxecto ou traballo fin de carreira, traballo fin de grao, prácticas, prácticas tuteladas ou prácticum (Art. 11, punto 2. da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións*).

Estes requisitos poderán reunirse ao inicio do curso ou tras os exames do primeiro cuatrimestre.

Os matriculados en materias sen dereito a docencia tamén poderán acollerse ao apoio titorial extraordinario, sempre e cando cumpran os demais requisitos establecidos nesta convocatoria para as materias con docencia.

Nesta mesma situación se deberán considerar os estudantes que, ao abeiro do establecido na Resolución do 15 de xuño de 2011 coa *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes*, se acollan ao establecido no seu artigo 13, que permite cursar materias extinguidas dunha titulación, consonte a un plan de grao, para seren imputadas ao plano en proceso de extinción. En todo caso os alumnos que cursen así as materias e soliciten o apoio titorial extraordinario deberán reunir os demais requisitos que establece esta convocatoria. A este respecto os 18 créditos pendentes que non pode superar o solicitante computaranse respecto das materias que se extinguen.

Os estudantes aos que se lles conceda o apoio titorial gozarán do mesmo número de convocatorias ou oportunidades en cada curso académico, para superar a materia, que os demais alumnos, de acordo co que estableza a normativa que sexa de aplicación para as titulacións que estean a cursar.

Non se poderá solicitar apoio titorial no caso de materias cursadas a maiores das necesarias para titularse, agás no caso de que se precisen para outra especialidade, itinerario ou mención.

SEGUNDO .- Prazos, impresos e lugares de inscrición

O prazo de solicitude será dende a data de aprobación desta resolución ata o **30 de setembro de 2015**, no primeiro período, e **do 21 de xaneiro ao 12 de febreiro de 2016**, no segundo período, co prazo de modificación da matrícula de materias do segundo cuadrimestre do curso 2015/16.

No segundo período o apoio titorial poderá solicitarse para as materias do segundo cuadrimestre e para as materias anuais. Neste caso as titorías faranse só respecto da parte do programa que aínda non foi impartido, con independencia das orientacións e recomendacións que respecto de todo o programa da materia poida realizar o profesor-titor. En todo caso a acta de apoio titorial comprenderá a avaliación da materia completa.

Os impresos de solicitude, dirixidos aos directores dos departamentos responsables das materias, estarán a disposición dos alumnos nos centros nos que se imparte a titulación e nas Unidades de Xestión Académica. As solicitudes deberán facerse chegar aos departamentos.

Cando a solicitude de apoio titorial se faga para materias que pertencen a distintos departamentos, deberá presentarse unha solicitude para cada un dos departamentos.

TERCEIRO.- Da actuación dos órganos que interveñen no procedemento

Corresponde á Vicerreitoría de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador:

1. Interpretar a convocatoria e ditar as instrucións que se consideren necesarias en relación coa mesma.
2. Informar aos departamentos sobre os alumnos susceptibles de solicitar o apoio titorial extraordinario, polos medios que se consideren máis axeitados.

Corresponde aos centros:

Dar traslado das solicitudes recibidas, no prazo máximo de tres días, aos departamentos correspondentes e informalos no caso das consultas que teñan que ver cos solicitantes e o cumprimento dos requisitos establecidos nesta resolución.

Corresponde ás UXAS:

Rexistrar as solicitudes recibidas e dar traslado das mesmas, no prazo máximo de tres días, aos departamentos correspondentes.

Corresponde aos directores dos departamentos:

1. Resolver as solicitudes recibidas e nomear o profesor/a titor/a da materia, que será preferentemente o profesorado que figura no POD da mesma no correspondente curso académico, agás que o alumno/a solicite de xeito expreso e motivado o cambio de titor/a. Só se pode nomear un profesor titor por cada materia.

No caso de recibir solicitudes de estudantes que non figuren na listaxe dos potenciais solicitantes de apoio titorial extraordinario, deberán realizar a comprobación dos requisitos no centro que organiza a titulación, ao través do responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.

2. Notificar aos alumnos no prazo de 10 días, de acordo co art. 58 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, o nome do titor/a co/a que deberán poñerse en contacto no horario correspondente de titorías.
3. Notificar á Vicerreitoría de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador, ao través do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, os profesores responsables da titoría extraordinaria concedida, o nome do alumno para proceder á confección das actas, a/s materia/s obxecto de apoio e máis o correspondente plan de traballo, co obxecto de incorporalo ao plan de traballo anual do profesor.

Corresponde aos profesores tutores:

1. Establecer xunto cos/as alumnos/as o plan de traballo que deberán seguir e que permita aproveitar ao máximo o curso académico, contemplando as posibilidades de utilizar as convocatorias ordinarias (convocatorias e/ou oportunidades en función de se corresponden con titulacións adaptadas ou non ao EEES), de acordo coa normativa que para cada curso académico ten establecido a universidade, para facilitarlle ao alumnado a superación das materias.
2. O plan de traballo deberá contemplar as seguintes cuestións:
 - A) Obxectivos parciais a acadar e tempo para conseguilos.
 - B) Sistema de avaliación destes obxectivos e da materia no seu conxunto, de estimarse conveniente.
 - C) Calendario de reunións para a resolución de problemas e dúbidas dos alumnos. Este calendario deberá fixarse, sempre que sexa posible, en horarios de titorías do profesor.
 - D) Procedemento de control de todo o proceso que permita ao alumno exercer, no marco das particularidades desta modalidade de apoio, a revisión de cualificacións establecidas no artigo 132 dos Estatutos da Universidade e no artigo 33 do Estatuto do Estudiante.

CUARTO.- Da elaboración das actas

Por cada materia/titor emitirase unha única "acta de apoio titorial extraordinario" que coincidirá coa convocatoria ordinaria de exames na que figuren os alumnos que teñan concedido o apoio.

Os profesores responsables da titoría serán os que poidan acceder a través do código persoal á acta ou actas segundo establece a normativa vixente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.- O apoio titorial só poderá solicitarse para realizalo ao longo do curso e presentarse as convocatorias ordinarias de exame, quedando excluída do mesmo a convocatoria extraordinaria de Fin de Carreira, é dicir, os alumnos/as que soliciten apoio titorial para unha convocatoria ordinaria (primeiro cuatrimestre, segundo cuatrimestre ou anual) poderán presentarse á convocatoria fin de carreira, pero non poderán recibir o apoio titorial para superar a materia nesta convocatoria.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2015

O reitor,



Juan M. Viaño Rey

Sr. Vicerreitor de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador, Sr. Vicerreitor de Comunicación e Coordinación, Sra. Secretaria Xeral, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sres./as Decanos/as, Sres./as. Directores/as de Centro, Sres./as Directores/as de Departamento, Sra. Xefa do Servizo de Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sres./as Xefes/as das UXA do Campus de Santiago e Lugo, Sres./as. Responsables das Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, Sra. Directora da OIU, Sra. Xefa da Oficina de Análise de Reclamacións, Sr. Responsable dos Servizos Informáticos da área académica.

SOLICITUDE DE APOIO TITORIAL EXTRAORDINARIO - CURSO 2015/2016

DATOS PERSOAIS		
Apelidos e nome		DNI
Enderezo a efectos de notificación (Rúa, número, piso)		Localidade
Código postal	Tfno.	Correo electrónico
Titulación na que está matriculado/a:		

Materias susceptibles de apoio titorial

Código	Nome da materia	Convocatoria Fin de Carreira
Departamento responsable da docencia:		
Código	Nome da materia	Convocatoria Fin de Carreira
Departamento responsable da docencia:		

_____ de _____ de 201_

O/a interesado/a (sinatura)

Sr./Sra. director/ra do departamento de: _____

Asignación de titor/a por parte do/a director/a do departamento

En relación coa petición que figura arriba infórmase de que o/a interesado/a deberá poñerse en contacto cos profesores titores das materias que aquí se indican para acordar o plan de traballo:

Denominación da materia	Prof. Titor/a
Denominación da materia	Prof. Titor/a

Lugar e data:

REQUISITOS PARA SOLICITAR O APOIO TITORIAL EXTRAORDINARIO

Poderán solicitalo os alumnos/as matriculados en calquera titulación oficial da USC, agás nas de posgrao, que reúnan os seguintes requisitos:

a. Que as materias pendentes non sumen máis de 18 créditos.

O apoio poderá solicitarse para materias que teñan esgotadas, cando menos, dúas convocatorias.

b. Que teñan unha soa materia pendente, aínda que non teña esgotada ningunha convocatoria.

Neste cómputo exclúense as materias como proxecto ou traballo fin de grao, prácticas, prácticas tuteladas ou prácticum (Art. 11, punto 2. da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións*).

Estes requisitos poderán reunirse ao inicio do curso ou tras os exames do primeiro cuatrimestre.

Os matriculados en materias sen dereito a docencia ou os que se acollan ao establecido no artigo 13 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións*, tamén poderán acollerse ao apoio titorial extraordinario, sempre e cando cumpran os demais requisitos establecidos nesta convocatoria para as materias con docencia.

Non se poderá solicitar apoio titorial no caso de materias cursadas a maiores das necesarias para titularse, agás no caso de que formen parte dunha especialidade, itinerario ou mención.

PRAZOS

O prazo de solicitude será dende a data de aprobación da presente resolución ata o **30 de setembro de 2015**, no primeiro período, e do **21 de xaneiro ao 12 de febreiro de 2016**, no segundo período, co prazo de modificación da matrícula de materias do segundo cuatrimestre do curso 2015/16.

IMPRESOS

Os impresos de solicitude deberán recollerse e entregarse nos centros ou nas Unidades de Xestión Académica (UXA) que os farán chegar aos departamentos correspondentes. Estes impresos tamén poderán descargarse desde a seguinte páxina: <http://www.usc.es/ql/servizos/sxopra/apoio.html>

Cando o apoio titorial sexa para materias que non pertencen ao mesmo departamento, deberá presentarse unha solicitude para cada departamento.

DATOS PERSOAIS

Deberán encherse todos os datos persoais solicitados no impreso, especialmente a conta de correo electrónico.

No caso de presentarse á convocatoria de fin de carreira dalgunha materia das que se solicita o apoio, deberán sinalalo no impreso de solicitude.

RESOLUCIÓN

Os directores dos departamentos son os responsables de resolver as solicitudes de apoio titorial extraordinario e de nomear o profesorado responsable da titoría das materias, o que notificarán aos alumnos co fin de que se poñan en contacto co titor/a correspondente, no horario de titorías.